+ No transporte escolar: antes de subir-ao subir-durante o traxecto-ao baixar-ao cruzar,...

+ Se vas en bici: consellos básicos.

+ Se te levan en coche: normas tanto para condutor/a coma para ocupantes.

+ Se vas en moto,....

- TAMÉN DICIR, QUE ESTAMOS A ELABORAR UNHA SEGUNDA VERSIÓN DO MESMO, PERO DESTA VEZ CON MÁIS PRESENCIA DE DEBUXO E MENOS TEXTO, PARA DESTINALA A IDADES MÁIS TEMPERÁS DE ALUMNADO.

# *Vas ao cole?* **Seguro!**

*Xa sexa como peón, en bici, en coche, en moto, en autocar escolar ou en transporte público, temos a obriga de respectar os sinais, as zonas de estacionamento, os accesos e os lugares de paso. Colaborando todos nestes actos axudaremos consideramente á mellora da seguridade viaria dos máis pequenos cando van ao cole.*



## *A pé*

Se vivimos preto do noso centro escolar, o máis habitual é desprazarnos a pé.

Se este é o teu caso, lembra os coidados que debes ter en conta para non levar sustos:

- **Coñece o percorrido**, avalía os riscos e calcula o tempo para chegar sen presas.
- Se tes que **cruzar**, asegúrate de **mirar a esquerda e dereita** e de novo a esquerda para asegurarte de que non veñen coches ou de que te ven e van parar para que cruces.
- **Camiña sempre pola beirarrúa** ou, se non a hai, polo extremo esquerdo da estrada.
- Se é posible, utiliza **elementos que te fagan visible** a longa distancia.
- Para evitar distraccións, **non utilices o móbil** ou os **auriculares.**

## *En bus*

Se escollemos o transporte en autocar escolar para desprazarnos temos que ter os seguintes aspectos en conta:

**MENTRES AGARDAS:**

- **Respecta** as zonas de parada.
- **Espera** a chegada en zona segura.
- **Mantente** alonxado do bus mentres se para.
- **Nunca camiñes** por detrás do bus.

**CANDO SUBAS OU BAIXES:**

- **Faino de xeito ordenado** e sen entorpecer aos demais.
- Sube ou baixa só cando o **bus** estea **totalmente parado** e teñas o visto bo do persoal responsable.
- **Presta a túa axuda** a quen necesite de ti para acceder ao interior ou para descender.

**NO INTERIOR:**

- **Ocupa o teu sitio** sen molestar aos demais pasaxeiros.
- **Coloca o cinto** e non te levantes durante o traxecto.
- Pola túa seguridade e a de todos, **non distraias ao condutor** cos teus actos.

## *En coche*

Se a opción de transporte ao centro escolar é o coche, o condutor forma parte activa no coidado no desprazamento, e é imprescindible que teña en conta os seguintes aspectos:

- **Sae con tempo** para evitar imprevistos.
- **Respecta aos** demais **condutores**, sexan de coches, motos, bicis ou transporte colectivo.
- **Estaciona** en **zonas habilitadas**, evitando dobres filas.
- **Sae** sempre do vehículo **pola beirarrúa.**
- **Leva** sempre **cadeiras** de retención infantil **homologadas.** Lembra que estas deben ser ocupadas por **menores de ata 1,35cm** de estatura e estar ubicadas nos **asentos traseiros.** Os menores **só poderán ir no asento dianteiro,** na súa cadeira homologada correspondente, si:
  - É un **vehículo bipraza.**
  - Xa están **ocupados os asentos** por menores.
  - **Non caben máis cadeiras.**
- Lembra o máis **importante:** Todos os ocupantes do vehículo deben **POÑER O CINTO.** Se o coche non dispón deste elemento non debes transportar nenos.

## *En bici*

A túa protección é o máis importante, así que si decides facer uso da bici para ir a clase, antes de nada, **PON O CASCO.**

E, ademais, non esquezas:

- Polo casco urbán circula polo **centro do carril** e pola estrada fai uso da **beiravía** ou polo extremo dereito do carril.
- Se subes á **beirarrúa,** baixa da bici e **camiña.**
- Se cruzas un **paso de peóns** sen zona habilitada para bicis, **baixa e agarda** como un peón a que os vehículos se paren. Con zona habilitada non tes que baixar da bici, pero si **debes asegurarte** de que podes cruzar.
- Utiliza **roupa reflectante** para ser visible.
- Sinala as túas **manobras cos brazos** e circula con precaución.
- **Memoriza** con anterioridade **o percorrido** e os perigos que tes que ter en conta, e faino acompañado dun adulto.
- **Evita** levar **pesos** innecesarios para non perder o equilibrio.
- **Non** uses o **móbil** nin os **auriculares** cando vaias en bici, e non saques as mans do manillar.

## *En moto*

Se para chegar ao cole decides empregar a moto, hai unha serie de **responsabilidades compartidas** entre quen conduce e quen é transportado:

- **A moto debe estar autorizada** para transporte de pasaxeiros.
- Comproba **a posición correcta** e segura do pasaxeiro.
- Usa sempre **CASCO homologado** e axustado á medida do menor.
- **Evita manobras bruscas.**
- **Ten precaución con peóns** en zona escolar.
- **Se usas a moto é importante ter en conta a idade dos pasaxeiros:**
  - No caso de tratarse do **teu fillo,** debe ser maior de **7 anos.**
  - **Nos demais casos,** maior de **12 anos.**

DEPARTAMENTO DE SEGURIDAD VIAL DA POLICÍA LOCAL DE VILAGARCÍA

Concello de Vilagarcía de Arousa

Deseño: Área de Comunicación Social - Concello de Vilagarcía de Arousa

→ E XA NO CAMPO FÍSICO DOS CENTROS EDUCATIVOS, E LOGO DUNHA REMODELACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS, FIXEMOS AS PROPOSTAS ANUAIS **"DA EDUCACIÓN VIARIA NO CURSO 2017/18"** PARA O ENSINO PRIMARIO E SECUNDARIO; DE FORMA QUE:

NO ENSIMO PRIMARIO:

+ TOTAL DE CENTROS: 9
+ TOTAL ALUMNADO: 1229 NENOS E NENAS.
+ MESES DO DESENVOLVEMENTO: NOVEMBRO E DECEMBRO.

NESTE CAMPO ABORDAMOS TEMAS COMA:
- os valores na vía pública,

- principios na condución (confianza, responsabilidade, seguridade,...)

- a viaxe en bus ao cole,

- o peón, sinalización ao respecto, imaxes do cruce do peón na cidade, o peón nela, o peón fóra,...

- a bici,

- a velocidade, o cinto, o casco,....

DESTACAR aquí que cada nivel da educación primaria tiña asignada a súa temática, pero sempre se lle deixou á libre elección do/a titor/a, xa que consideramos que moitas veces pode haber temáticas que pola singularidade do colectivo da clase que sexa, pode ter especial interese nun tema ou noutro!!.

- <u>NO ENSINO SECUNDARIO</u>:

+ TOTAL DE CENTROS: 6.
+ TOTAL ALUMNADO: 1185 NENOS E NENAS.
+ MESES DE DESENVOLVEMENTO: DE XANEIRO A MAIO.

NESTE CAMPO ABORDAMOS TEMAS COMA:

- normas e sinais de circulación (significado, función, prioridade, imaxes, vídeos ilustrativos,...).

- o accidente de tráfico (factores que interveñen, causas frecuentes, grupos vulnerables, o cinto, repousacabezas, o airbag, o PAS: protexer/avisar/socorrer,...).

- o ciclomotor (definición, permisos, documentación, normas,....),

- o alcol (taxa, de qué depende, curva alcolemia, mitos do alcol, cómo afecta, repercusións no comportamento, o alcol e as drogas, tratamento legal,....vídeos,....),

- as drogas (tipos, drogas de abuso, as drogas e a seguridade viaria, efectos na condución, vídeos,....)

# 4° PRIMARIA

## 1. OS VALORES NA VÍA PÚBLICA

## 2. PRINCIPIOS.

* a confianza
* a responsabilidade
* a seguridade
* a circulación dirixida
* a sinalización
* a integridade corporal

## 3. A VIAXE EN BUS AO COLE

* concepto
* a viaxe
* a espera
* a subida
* na viaxe
* a baixada
* ocupación no asento
* actuación nunha emerxencia
* evacuacion no bus
* outras normas
* comportamento no accidente. P.A.S.

## 4. O PEÓN

* quen é
* o cruce regulado, non regulado,....

# 5° PRIMARIA

1. A EDUCACIÓN VIARIA

2. PEÓNS

* concepto
* normas xerais da súa circulación
* o peón na vía pública
- cruce de rúas
- rúas reguladas por semáforos
- cruce paso de peóns con marcas viarias
- cruces regulados por axentes
- cruce rúas pasos non regulados
- circulación do peóns en vías fóra de poboado
- viaxo con animais

3. SINAIS RELACIONADOS CO PEÓN

4. IMAXES REAIS CRUCES VILAGARCÍA

* Peóns!, circulamos-cruzamos ben?
* Condutores!, respectamos ao peón?

# 6° PRIMARIA

## 1. A EDUCACIÓN VIARIA

* introdución
* lembranzas

## 2. PEÓNS

* concepto
* normas xerais da súa circulación
* o peón na vía pública
- cruce de rúas
- rúas reguladas por semáforos
- cruce paso de peóns con marcas viarias
- cruces regulados por axentes
- cruce rúas pasos non regulados
- circulación do peóns en vías fóra de poboado
  - viaxo con animais

## 3. A BICI

* antes de montar nela
* as manobras, xiros, incorporacións, glorietas,...
* condución nocturna

## 4. A VELOCIDADE

* que conleva
* distancia detención-seguridade

5. O CINTO DE SEGURIDADE

* que é
* importancia
* efecto submariño
* excusas e mitos sobre el

6. O REPOUSACABEZAS

7. O CASCO

* función, beneficios, normativa, casco homologado,...

# 1º ESO

1. NORMAS E SINAIS DE CIRCULACIÓN.

2. OS SINAIS. XEITO DE COMUNICACIÓN NA VÍA PUBLICA.

3. SIGNIFICADO DAS MESMAS.
   * pola cor,
   * pola forma,
   * polo símbolo,

4. FUNCIÓN DOS SINAIS.

5. OBEDIENCIA DOS SINAIS.

6. ORDE DE PRIORIDADE.
   * sinais e ordes dos Axentes,
   * sinais circunstanciais e de balizamento,
   * semáforos,
   * sinais verticais (de perigo, de regulamentación, de indicación,)
   * marcas viarias.

7. IMAXES.

8. VÍDEOS ILUSTRATIVOS.

# 2° ESO

1. O ACCIDENTE DE TRÁFICO.

2. FACTORES QUE INTERVEÑEN.
   * condutor/a,
   * vehículo,
   * vía,

3. CAUSAS MÁIS FRECUENTES DO ACCIDENTE DE TRÁFICO.

4. GRUPOS VULNERABLES. A XUVENTUDE.

5. CAUSAS IMPUTABLES AO FACTOR HUMANO.
   * velocidade,
   * distancia de seguridade,
   * prioridade-preferencia de paso,
   * adiantamentos-xiros,
   * drogas, alcol.

6. CINTO DE SEGURIDADE
   * excusas e mitos máis frecuentes,

7. REPOUSACABEZAS E O CASCO.

8. AIRBAG.

9. IMAXES ACCIDENTES.

10. ANTE UN ACCIDENTE: P.A.S.

11. VÍDEOS ILUSTRATIVOS.

# 3° ESO

1. O CICLOMOTOR. INTRODUCIÓN.

2. DEFINICIÓN.

3. PERMISOS PARA A SÚA CONDUCIÓN.

4. DOCUMENTACIÓN PRECISA.

5. NORMAS BÁSICAS PARA A SÚA CONDUCIÓN.
   * en relación ao vehículo,
   * en relación ao condutor/a,

6. INSPECCIÓN OBRIGATORIA DO CICLOMOTOR.

7. OUTRAS NORMAS DE CIRCULACIÓN.
   * por onde ir,
   * utilización de carrís,
   * distancia de seguridade,
   * velocidade,
   * observación do tráfico,
   * prioridade de paso,
   * pasos de peóns,

8. EQUIPAMENTO NO CICLOMOTOR.

9. CONSELLOS.

10. VÍDEOS ILUSTRATIVOS.

# 4º ESO

1. INTRODUCIÓN.

2. O ALCOL E A CONDUCIÓN.

3. QUE É A TAXA DA ALCOLEMIA?.

4. DE QUE DEPENDE?.
   *rapidez coa que se inxire,
   * características do alcol,
   * estómago baleiro ou cheo,
   * idade-experiencia na condución,
   * sexo da persoa,
   * hora do día,
   * circunstancias persoais.

5. A CURVA DA ALCOLEMIA.

6. MITOS DO ALCOL. TRUCOS FALSOS PARA ELUDIR A ALCOLEMIA.

7. COMO AFECTA O ALCOL Á CAPACIDADE DA CONDUCIÓN.

8. REPERCUSIÓN NO COMPORTAMENTO.

9. ALTERACIÓNS.
   * perceptivas,
   * na atención,
   * na psicomotricidade,
   * na toma de decisións.

10. EFECTOS SOBRE A CONDUCIÓN (cadro).

11. O ALCOL E OUTRAS DROGAS NO ACCIDENTE.

12. TRATAMENTO LEGAL.
   * vía penal,
   * vía administrativa.

13. VÍDEOS ILUSTRATIVOS.

# AS DROGAS

1. INTRODUCIÓN.

2. AS DROGAS DE ABUSO.

3. TIPOS DE DROGAS.

   * drogas depresoras do sistema nervioso central. Efectos na condución.
   * drogas estimulantes. Efectos na condución.
   * drogas perturbadoras. Efectos na condución.

4. PRINCIPAIS DROGAS E A SEGURIDADE VIARIA. EFECTOS NA CONDUCIÓN.

   * o cannabis,
   * a cocaína,
   * o éxtase,
   * as anfetaminas,
   * o LSD,
   * a heroína,
   * o tabaco,
   * as xantinas.

5. VÍDEOS ILUSTRATIVOS.





→ E SEGUINDO COA COMPLICIDADE DO CALENDARIO ANTES CITADA, APROVEITAMOS A CELEBRACIÓN DO **"DÍA MUNDIAL DA BICI"**, E DESTA FORMA O PASADO 19 DE ABRIL FIXEMOS O ACTO QUE SE RECOLLE NO CARTEL QUE SE ADXUNTA.

- QUERIAMOS QUE NA LIÑA DE PROMOVER O USO DA BICI, DE DESTACAR OS SEUS BENEFICIOS, E DE COÑECER O MUNDO QUE RODEA A ESTE TIPO DE VEHÍCULO, CELEBRAR UNHA ***"MESA REDONDA DO DÍA MUNDIAL DA BICI"***, "BILAGARCIA DE AROUSA".

- LUGAR: Instituto Ensinanza Secundaria FERMÍN BOUZA BREY
- CANDO: Na mañá do pasado xoves 19 abril.
- TEMAS:

*- A bici. Vehículo de futuro ou de presente?*
Que foi impartido por dona *CARMEN FARIÑA*, mestra do citado centro que asiduamente se despraza en bici ao seu traballo, e membro do colectivo Arousa en Bici;

*- A bici. Por onde circular na cidade, na estrada,...?*
Que foi impartido por don *JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ*, coordinador de exames da DXT Pontevedra;

*- BICIlagarcía de Arousa!!, hoxe e no futuro!!*, impartido por dona *PAOLA MARÍA*, concelleira de urbanismo do Concello Vilagarcía.

- PÚBLICO ASISTENTE: aprox. 90 alumnos/as do centro.

Ao mesmo tempo, e grazas á colaboración do departamento de Educación Viaria da DXT Pontevedra, fixemos un reparto de cartelería e documentación relativa á temática nos centros de primaria e secundaria do Concello conmemorando dita data!.



# Día Mundial DA BICICLETA

**19 ABRIL 2018 · 12.00H**

## MESA REDONDA

DIRIXIDA AO ALUMNADO DE 3º E 4º DA ESO

IES BOUZA BREY

*TEMAS*

*A bici, vehículo de presente ou de futuro?*

*A bici, por onde circular?*

*BICIlagarcía de Arousa, hoxe e no futuro!*

*PARTICIPANTES*

***Carmen Fariña**, mestra e membro de Arousa en Bici*

***José Manuel González**, coordinador de exames DXT PO*

***Paola María Mochales**, concelleira de Urbanismo de Vilagarcía*

DPTO. DE EDUCACIÓN VIARIA DA POLICÍA LOCAL

Concello de Vilagarcía de Arousa





VILAGARCÍA DE AROUSA (/AROUSA/VILAGARCIA-DE-AROUSA)

# Mesa redonda sobre la bici en el instituto Bouza Brey



MONICA IRAGO

S. GONZÁLEZ (/FIRMAS/SERXIO-GONZALEZ-SOUTO)
17/04/2018 05:00 H

**Jueves, 19 • 12 horas • IES Fermín Bouza Brey** • El Concello de Vilagarcía organiza una mesa redonda con motivo del día mundial de la bicicleta, que se conmemora el jueves. La sesión se desarrollará en el instituto Fermín Bouza Brey a fin de abordar el presente y el futuro de este medio de desplazamiento, en pleno desarrollo en la capital arousana. La jornada está orientada alumnos de 3º. y 4º. curso de ESO, pero en ella puede participar cualquier persona. Como ponentes, Carmen Fariña, miembro de Arousa en Bici, José Manuel González, coordinador de exámenes de la Dirección General de Tráfico en Pontevedra, y la concejala de Mobilidade de Vilagarcía, Paola María Mochales, que explicará los esfuerzos que se están llevando a cabo en el municipio y las acciones futuras que se van a desarrollar.

# El instituto Bouza Brey acoge la mesa redonda sobre presente y futuro de la bici

## En el acto, que será el jueves al mediodía, participa la concejala de Mobilidade

redacción | vilagarcía 17.04.2018 | 04:37

El Concello de Vilagarcía conmemora el Día de la bicicleta, el jueves 19, con una mesa redonda que se celebrará en el instituto Fermín Bouza Brey, a las 12 horas, para abordar el presente y el futuro de este medio de desplazamiento y la normativa de su uso en las ciudades.

En el acto intervendrán un técnico de la Dirección General de Tráfico, un miembro de la asociación Arousa en Bici y la concejala de Mobilidade. El evento está organizado por el departamento de Educación Vial de la Policía Local de Vilagarcía en el marco del programa educativo que lleva a cabo durante todo el año en los centros educativos del municipio. La celebración de un acto informativo sobre el uso de la bicicleta como medio de transporte alternativo en la ciudad fue solicitado por el propio instituto, ya que varios de sus profesores y también muchos alumnos utilizan la bicicleta para ir al centro y en sus desplazamientos cotidianos.

La sesión está orientada a alumnos de tercero y cuarto de ESO, aunque podrá asistir cualquier persona interesada. El objetivo de la mesa es exponer la situación actual de la bicicleta como medio de transporte, sus ventajas, las normas de circulación que le afectan y el modelo que se está implantando en Vilagarcía.

Por parte de la asociación Arousa en Bici intervendrá en la sesión Carmen Fariña, que también es profesora del centro, y hará una exposición sobre "la bicicleta: ¿vehículo del presente o del futuro?". El coordinador de exámenes de la DGT en Pontevedra, José Manuel González, disertará sobre por dónde circular con la bici.

Por último, la concejala Paola María Mochales centrará su intervención en las acciones que se están llevando a cabo en Vilagarcía y las que se pondrán en marcha en un futuro para promover el uso de la bicicleta como medio de desplazamiento cotidiano en el marco del modelo de ciudad que defiende el actual gobierno.

El equipo de gobierno socialista recuperó el servicio de préstamo de bicicletas Vaibike que otorgó en concesión a la empresa LaBici, que trabaja en la renovación de las cinco estaciones actuales.

Compartir en Twitter
Compartir en Facebook

- video en curso

POSTERIORMENTE, E LOGO DA PROPOSTA DA DIRECCIÓN DO CENTRO CEIP A ESCARDIA, PUXÉMONOS A TRABALLAR NA POSIBLE IMPLANTACIÓN DUNHA EXPERIENCIA PILOTO DE "**CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS**" NO CITADO CENTRO.

PARA ISO, PREVIAMENTE TEMOS PENDENTE UN CONCURSO ENTRE TODO O ALUMNADO DO CENTRO PARA O DESEÑO DA *MASCOTA* QUE NOS PRESENTE A TODOS E TODAS EN QUÉ CONSISTE ISO DOS *camiños escolares seguros!!!.*

ADXÚNTASE DE SEGUIDO, O PROXECTO QUE SE ELABOROU NO SEU MOMENTO E QUE FOI CONSENSUADO CO CENTRO E FINALMENTE PLANTEXADO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO NOSO CONCELLO.

DICIR QUE FINALMENTE NON SE LEVOU A CABO O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES, NIN DO CONCURSO NIN DO PROXECTO DOS CAMIÑOS ESCOLARES, XA QUE NON SE TIVO A APROBACIÓN DO CITADO ÓRGANO MUNICIPAL.

# AXÚDANOS CON

# "VILACAMIÑO".

- XA TÉMOLO NOME, PERO AÍNDA NON TEMOS A SÚA CARA, CORPO, OU ÁMBALAS DÚAS COUSAS, POR QUE AGORA É CANDO PRECISAMOS DA TÚA AXUDA!!!,

- POR ISO, PARA QUE VILACAMIÑO CHE POIDA CONTAR EN QUE CONSISTEN OS "***camiños escolares seguros***" DO TEU COLE, TEMOS QUE, ENTRE TODOS/AS, AXUDARLLE A NACER!!,

- POLO TANTO, VAI COLLENDO LAPIS, BOLI, GOMA, PAPEL,.... E TODO O QUE PRECISES E.... A DEBUXAAARRR!!.

## BASES.

## OBXECTO DO CONCURSO:

- Como xa dixemos, temos o nome da mascota, pero precisamos ter o seu corpo e o seu entorno.

- Concurso de pintura para nenos e nenas do **CEIP A ESCARDIA** (polo motivo de que foi o centro que, dende o comezo do curso, quería implantar no seu radio de influencia estes ***camiños escolares seguros***), que busca que así este proxecto poida ser unha realidade a comezos do vindeiro curso 2018/19.

- Estamos a buscar esa orixinalidade, creatividade, alegría,... que lle permita a ***VILACAMIÑO*** ser quen de presentarnos esta iniciativa e o que realmente representa un *camiño escolar seguro*!.

- *ESTAMOS Á BUSCA DE DEBUXOS ORIXINAIS, INÉDITOS,... E QUEN O DEBUXE SERÁ RESPONSABLE DE QUE O DEBUXO É DA SÚA PROPIEDADE E ORIXINALIDADE ANTE CALQUERA REIVINDICACIÓN, RECLAMACIÓN QUE PUIDERAN SOBREVIR ANTE ESTE PROCESO.*

## DESENVOLVEMENTO:

- UNHA VEZ QUE TEÑAMOS AS APROBACIÓNS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES, O ALUMNADO ESCOLLIDO POLO CENTRO (neste caso tódolas nenas e nenos do mesmo) TERÁN UN DÍA CONCRETO PARA LEVAR A CABO OS DEBUXOS (previamente serán sabedores da iniciativa para poder facerse unha idea do que queren debuxar o día que será realizada a tarefa).

- NO TOCANTE Á TÉCNICA A UTILIZAR, A IDEA É QUE SEXA LIBRE, PODENDO FACERSE USO DE lapis, rotulador, cera, acuarela,...., SEMPRE E CANDO SE ADAPTEN AO FORMATO DIN A-4 (a unha soa cara) QUE PROPORCIONARÁ O CONCELLO.
  NON SE PODERÁ ENGADIR TEXTO ESCRITO POLO DEBUXANTE, E MENOS SE É ALLEO Á TEMÁTICA.

*SERÁN DE ELIMINACIÓN AUTOMÁTICA AQUELES DEBUXOS QUE FAGAN APOLOXÍA DE ACTOS DELICTIVOS, MANIFESTAMENTE INCORRECTOS,.....*

- NA BUSCA DA MAIOR TRANSPARENCIA POSIBLE:

* TÓDOLOS TRABALLOS SERÁN REALIZADOS NO PROPIO CENTRO E NO DÍA ESCOLLIDO, NA PRESENZA D@ TITOR/A CORRESPONDENTE,

* PREVIAMENTE SE ASIGNARÁ UN NÚMERO A TÓDOLOS PARTICIPANTES, DE XEITO QUE NO DEBUXO TAN SÓ APARECERÁ O SELO DA POLICÍA LOCAL E O NÚMERO QUE A CADA NENO/A SE LLE TIVERA ASIGNADO.

- UNHA VEZ REMATADO O PROCESO DE DEBUXAR, A PERSOA RESPONSABLE DA CLASE, PROCEDERÁ Á RECOLLIDA DO MATERIAL (lembrando que cada neno/a tivera posto no seu folio o número que lle foi asignado previamente) E ANTES DAS 13:30 HORAS DO MESMO DÍA ESCOLLERÁ 5 DOS DEBUXOS QUE REPRESENTARÁN Á SÚA CLASE NA FASE FINAL DE VALORACIÓN DO XURADO ESCOLLIDO, E METERAOS NUN SOBRE PECHADO ONDE IRÁ UN LISTADO COS NOMES DOS PARTICIPANTES. SOBRE QUE SERÁ ASINADO NO SEU EXTERIOR POLA ZONA DE PECHE, POLO TITOR OU TITORA E A PERSOA RESPONSABLE DA POLICÍA LOCAL QUE OS RECOLLA (incluído selo).

- SE ALGÚN DEBUXO QUEDARA SEN NÚMERO IDENTIFICATIVO DO SEU AUTOR/A, QUEDARÍA AUTOMATICAMENTE ANULADO.

- LEMBREMOS QUE ESTAMOS A FALAR DE "**SÓ UN DEBUXO POR ALUMNO/A!!**".

- POSTERIORMENTE VALORARASE A EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS NUNHA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS (chámese sala exposicións do auditorio, sala rivas briones,....), E A COMEZOS DO NOVO CURSO ESCOLAR NO PROPIO CENTRO EDUCATIVO.

## VALORACIÓN:

- COMO XA SE DIXO, O QUE SE ESTÁ A BUSCAR DE INICIO É QUE **O DEBUXO DA MASCOTA E O SEU ENTORNO** ESTEA RELACIONADO COA TEMÁTICA DOS "*camiños escolares seguros*", E QUE AO MESMO TEMPO VAIA DA MAN DA CREATIVIDADE, ORIXINALIDADE,... INCLUSO O HUMOR, QUE O MENOR PLASME NO SEU TRABALLO.

- ESTA TAREFA SERÁ LEVADA A CABO POR UN XURADO COMPOSTO POR:

* ALCALDE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA, ou persoa na que delegue (e se posúe coñecementos técnicos na materia mellor que mellor!),
* PERSOA DESIGNADA POLO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN MUNICIPAL, polo seu traballo técnico no deseño,
* REPRESENTANTE DA DXT PONTEVEDRA,
* DIRECTORA DO CENTRO CEIP A ESCARDIA, ou persona na que delegue e que a poder ser non exerza funcións no nivel educativo que está a participar no concurso,
* PROPOSTA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN VIARIA DA POLICÍA LOCAL (a valorar: Benito Romero Aragunde[1]).

- O CITADO XURADO TENTARÁ TOMAR E RESOLVER CALQUERA TIPO DE INCIDENCIA QUE SURXA NO DESENVOLVEMENTO DESTE PROCESO (máxime aquelas que non estean citadas nesta proposta de concurso!), TENDO EN CONTA QUE AS SÚAS DECISIÓNS GORAZÁN DE CARÁCTER INAPELABLE;

---

1 Pola súa traxectoria no Concello en pro da difusión da EDUCACIÓN VIARIA en tódolos campos da sociedade vilagarciá.

- AO MESMO TEMPO SERÁN DECISIÓNS QUE SE TOMARÁN POR MAIORÍA!!, DENTRO DOS COMPOÑENTES DO XURADO.

- NO CASO DE SER PRECISO, A ORGANIZACIÓN DESTE EVENTO (Departamento de Educación Viaria da Policía Local e a Xefatura da mesma) RESÉRVASE O DEREITO Á INTERPRETACIÓN DAS BASES QUE INTEGRAN O CONCURSO, ASÍ COMA CALQUERA CAMBIO QUE SOBRE A MARCHA FOSE NECESARIO TOMAR ANTE EVENTUALIDADES IMPREVISTAS.

## RECOÑECEMENTOS:

- A TÓDOLOS PARTICIPANTES NO CITADO CONCURSO SE LLES OBSEQUIARÁ CON *un diploma acreditativo* DA SÚA PARTICIPACIÓN NO CONCURSO.

- AOS 5 DEBUXOS FINALISTAS SERANLLES ENTREGADOS un lote de material didáctico (bolis, libros,... a poder ser relacionados coa educación viaria).

- *DEBUXO GAÑADOR*.

CORRESPONDERALLE UNHA tableta de escritura e debuxo LCD 9,7 pulgadas,.......[2]

- COMO XA SE SINALOU, PROCEDERASE Á EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS NO PROPIO CENTRO COMA NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS QUE SE ESCOLLAN.

- OS TRABALLOS ORIXINAIS PREMIADOS QUEDARÁN, nun inicio, EN PROPIEDADE DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, TENDO O DEREITO Á SÚA PUBLICACIÓN, REPRODUCIÓN, (sempre facendo referencia ás persoas autoras dos mesmos),... PARA A DIFUSIÓN-REPRODUCIÓN E UTILIZACIÓN NO PROXECTO DOS CAMIÑOS ESCOLARES VILAGARCÍA. POSTERIORMENTE SERÁN DEVOLTOS AO CENTRO E AOS SEUS PROPIETARIOS/AS.

---

2 Ten que quedar meridianamente claro que o premio do gañador/a vén sendo *a escollida do seu traballo* e a *difusión e utilización do mesmo para o proxecto Camiños Escolares Seguros*, e *non tanto o valor do premio en especie* (citada tableta!!, que por certo ten un prezo aproximado de 20-25 euros!!. plataforma Amazon.).

- AO MESMO TEMPO, A ORGANIZACIÓN RESÉRVASE O DEREITO A TOMAR AS IMAXES (foto, vídeo, ....) DO ALUMNADO PARTICIPANTE E DOS SEUS DEBUXOS PARA A SÚA DIFUSIÓN **SEN FINS LUCRATIVOS** (polo que os participantes non reclamarán de ningún xeito ningunha gratificación fóra do que estea recollido no apartado dos "recoñecementos") E TAN SÓ A TÍTULO DE PROMOCIÓN DO CONCURSO E PROXECTO DOS CAMIÑOS ESCOLARES NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

- O ALUMNADO COMPROMÉTESE Á SÚA PARTICIPACIÓN PERSOAL NOS ACTOS RELACIONADOS COA PROMOCIÓN CITADA DO PROXECTO CAMIÑOS ESCOLARES EN VILAGARCÍA.

- AS OBRAS PUBLICADAS, ASÍ COMA OS SEUS DEREITOS, QUEDARÁN EN PROPIEDADE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, QUEN PODERÁ FACER USO DELAS SEN AUTORIZACIÓN PREVIA DO AUTOR/A DURANTE UN PRAZO MÁXIMO DE DEZ ANOS DENDE A DATA DO VEREDICTO DO XURADO.

## PARTICIPACIÓN:

- A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO IMPLICARÁ A ACEPTACIÓN DO RECOLLIDO NESTA CONVOCATORIA; AS DECISIÓNS QUE TOME O XURADO;... E CALQUERA DÚBIDA DEBE SER INFORMADA ANTES DA PARTICIPACIÓN.

*** TÓDOLOS PARTICIPANTES DEBERÁN APORTAR A ACEPTACIÓN DE PAIS-NAIS, TIRORES/AS, OU PERSOAS RESPONSABLES DELES NO TOCANTE ÁS BASES DO CONCURSO.**

ANEXO.
DEREITOS DA PROPIEDADE INTELECTUAL.

No cumprimento da Lei Orgánica 15/99 de Protección de Datos de Carácter Persoal, a Organización deste concurso quere informar que os datos (nome, apelidos, curso,...) que se manexen, serán tan só uso exclusivo para o concurso citado e para as bases referidas; datos, que poderán comunicarse aos medios de comunicación e publicarse na web do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Coa aceptación das bases, o centro educativo, pais-nais, titores/as, así como a organización do concurso, estarán baixo o establecido na Lei de Propiedade Intelectual vixente.

E XA A PIQUES DE REMATALO CURSO ESCOLAR, TIVEMOS A GRAN SATISFACCIÓN DE SER REQUERIDOS POLA GARDERÍA **"GARABATOS"** QUE VEU A SOLICITARNOS QUE PUIDESEMOS COLABORAR CON ELES/AS PARA UN BO ANACO DE ENTRETEMENTO CO ALUMNADO DE DOUS E TRES ANIÑOS QUE ESTABAN DESEXOSOS DE REPASALOS SEUS COÑECEMENTOS NA SEGURIDADE VIARIA E DE POÑELOS EN PRÁCTICA NO SEU PARTICULAR CIRCUÍTO!!!, E POR QUE NON!!, PODER VER E DESFRUTAR DE PRETO DO MUNDO QUE ESCONDE NO SEU INTERIOR UN COCHE DE POLICÍA LOCAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA!!!!.

E DESTE XEITO, O PASADO 20 DE XUÑO, UN DÍA DE MOITA CALOR, O CAL NON FIXO QUE LLE COLLESEMOS MEDO, PUIDEMOS COMPARTIR NA AULA DOS NENOS E NENAS DE 3 ANIÑOS TODO O QUE TIÑAN GARDADO DE COÑECEMENTOS SOBRE *PASOS DE PEÓNS, SOBRE COMO TEÑEN QUE CRUZAR DA MAN COA FAMILIA, COMO TEÑEN QUE IR SENTADIÑOS E SENTADIÑAS NO VEHÍCULO, O COMPORTAMENTO TANTO NO INTERIOR COMA NO EXTERIOR,*........ E MOITAS MÁIS COUSAS QUE LOGO PUIDERON REPRESENTAR NO EXTERIOR ACOMPAÑADOS DO RESTO DE ALUMANDO DE DOUS ANIÑOS QUE NOS ACOMPAÑARON.

QUEDAMOS TODOS E TODAS TAN ENCANTADOS QUE NOS COMPROMETEMOS A VOLTA A REPETIR A EXPERIENCIA PARA O VINDEIRO CURSO!!!!


POLICIA LOCAL
OCAL


112


MY MAM AND ME



Polic.

Concello de Vilagarcía de Arousa
3| Rexistro xeral de entrada
2018005387
25/5/2018 08:21:30

# Concello de Vilagarcía de Arousa
Secretaría Xeral

T 986 | www.vilagarcia.es

RE 250/18

MARÍA

## INSTANCIA XERAL

### DATOS DO INTERESADO

Nome e apelidos: Escuela Infantil de Vilagarcia SL
DNI: B-94068368
Rúa: rúa la Concha
Número: 4
Piso:
Porta:
Teléfono: 676215419
Municipio: Vilagarcia
Provincia: Pontevedra
Código postal: 36600
E-mail:

### DATOS DO REPRESENTANTE (DE SER O CASO)

Nome e apelidos: Gemma Mª García González
DNI: 35.462532-M
Enderezo: rúa la concha nº 4
Teléfono: 676215419

### EXPÓN QUE

Yo Gemma Mª García González solicito una visita a la escuela de la policía local dentro del mes de Juno. Avisar con antelación.

### POR ISO SOLICITA QUE

Una visita guiada de la policía local a la escuela para explicar su labor.

### DOCUMENTOS QUE ACHEGA

Vilagarcía de Arousa, 25 de Mayo de 2018

(Sinatura solicitante)

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa

*En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos, que regula o dereito de información na recollida de datos, infórmase aos interesados que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun ficheiro automatizado de nome GISAL, cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vilagarcía de Arousa. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación á oficina de Información/Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa, onde lle indicarán o procedemento a seguir.*

E XA COMA REMATE DESTE CURSO ESCOLAR DE EDUCACIÓN VIARIA, ALÁ POLO MES DE XULLO, TIVEMOS A SORTE DE PODER COMPARTIR COS NENOS E AS NENAS DA **LUDOTECA DO CEIP ROSALÍA DE CASTRO**, QUE SOLICITARON A NOSA PRESENZA PARA COMPLEMENTAR A ACTIVIDADE QUE ESTABAN A DESENVOLVER NESAS DATAS SOBRE *AS PROFESIÓNS*, E POLO TANTO PUIDEMOS COLABORAR APORTANDO UN CHISQUIÑO DA NOSA EXPERIENCIA ANTE NENOS E NENAS DE IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 10 E OS 3 ANIÑOS.

AO MESMO TEMPO PUIDERON TER A OPORTUNIDADE DE COÑECER POR DENTRO O QUE ESCONDE UN VEHÍCULO OFICIAL DA POLICÍA LOCAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA, TANTO DESE RUÍDO E DESAS LUCES AZUIS, QUE TANTAS E TANTAS VECES DIN QUE ESCOITAN E VEN POLA RÚA, COMA A CANTIDADE DE COUSAS E MATERIAL QUE PODE LEVAR NO SEU INTERIOR, FACENDO ESPECIAL ATENCIÓN Á ZONA NA QUE VAN AS PERSOAS QUE SE PORTAN MAL E VAN AO CÁRCERE!!!!.

E ANTE ISTO, COMPARTIMOS UNHA HORIÑA CON UN TOTAL APROXIMADO DE 10 NENAS E NENOS QUE FIXERON MOI BEN A PROFESIÓN DE ALUMNO/A DA EDUCACIÓN VIARIA DO NOSO DEPARTAMENTO!!!.